

SOMOS VOZ
SOMOS FORZA,
XUNTAS CONSTRUIMOS

Feminismo

Unidade

Tolerancia


igualdade

Respecto

sororidade

**ACTIVIDADES
PARA
INFANTIL
8 DE MARZO
DO 2015**

8 DE MARZO 2015
DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES



Educación infantil

UNIDADE DIDÁCTICA: ESCOLLER UNHA PROFESIÓN

Xustificación da Unidade Didáctica:

Os nenos e as nenas das nosas aulas teñen moitas dúbidas acerca das súas propias posibilidades, polo tanto é importante facerlles reflexionar e comprender que nenos e nenas poden realizar as mesmas actividades, no presente e no futuro.

Sen dúbida, os adultos que os rodeamos debemos ter presente que a súa formación actual afectará a toda a súa vida, incluíndo á súa profesión futura.

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia dixital.
- Competencia social.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.

OBXECTIVOS

Xerais de Etapa:

- a. Descubrir e construír, a través da acción, o coñecemento do seu propio corpo e o doutras persoas, actuar con seguridade e aprender a respectar as diferenzas.
- b. Construír unha imaxe axustada de si mesmo/a e desenvolver as capacidades/habilidades afectivas.
- c. Estabelecer relacións positivas cos iguais e coas persoas adultas; adquirir as pautas elementais de convivencia e relación social; regular a conduta, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos

Metodoloxía

Quíxose potenciar o descubrimento guiado, o traballo, tanto individual como grupal (pequeno e gran grupo), o ensino recíproco, así como a resolución de problemas que poidan formularse durante a realización das actividades. Igualmente, a organización das actividades tratou de ser flexíbel e adaptada aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, sobre todo para que todos os nenos e nenas teñan as mesmas oportunidades por medio dunha atención personalizada e axustada ás súas necesidades. Adoptouse unha metodoloxía fundamentalmente activa, flexíbel, dinámica, aberta e participativa. As actividades formuladas son construtivas, baseadas no xogo, a manipulación e experimentación como sustento primordial.

ACTIVIDADES

1. A primeira actividade farase en asemblea e vai dirixida a **coñecer as ideas previas** que o alumnado ten sobre o tema. É importante facerlles preguntas directas e coñecer os prexuízos que teñen xa asimilados.
2. Despois tamén en asemblea narráraselles aos nenos e nenas un **conto**, que é o seguinte:

CONTO: "Eu quero ser ximnasta"

Esta é a historia de dous irmáns e unha irmá.

Aproximábanse as festas da vila e en todas partes comentábase que este ano habería unha novidade, unha grande competición de salto de altura para grandes ximnastas.

A Raquel encantoulle aquilo, ela quería ser ximnasta, unha grande saltadora.

Raquel tiña dous irmáns e un día estaban a comentar na súa casa que eles se ían inscribir no concurso, porque podían gañar un premio importante, un coche precioso de xoguete.

proposta didáctica

Raquel, ao oír aquilo, díxolles:

- ¡Que grande idea!, eu tamén quero participar, así teremos máis posibilidades de gañar o coche.

O seu irmán pequeno comezou a rirse de Raquel e díxolle:

- Outra vez ti con esa idea de queres ser unha grande saltadora... ¡Pero se as rapazas non son boas deportistas!.

O seu irmán maior non dixo nada, e Raquel marchou triste.

Cando Raquel e o seu irmán maior se encontraron máis tarde a soas, este díxolle:

Non te preocupes, eu axudareiche a practicar.

Raquel e o seu irmán maior traballaron desde aquel día en secreto, e chegou o día da competición.

Os dous irmáns e Raquel estaban xuntos aquel día e o irmán pequeno díxolle a Raquel:

Mira e aprende como ser unha grande ximnasta. Os nenos temos as pernas fortes.

Raquel non lle dixo ao seu irmán pequeno que ela tamén competiría.

Comezou a competición e o irmán pequeno de Raquel fixoo ben. Cando el acabou, a organización dixo o nome da súa irmá e el comezou a rirse. Pero ao vela saltar quitóuselle o riso, porque Raquel, que era a derradeira saltadora, foi a que mellor o fixo e gañou o premio.

Xa na casa o seu irmán maior díxolle que non se é mellor saltador por ser neno ou nena, o importante é practicar todos os días e pór fortes as pernas. O irmán pequeno decatouse de que a súa irmá, de maior, podería ser unha grande saltadora se ela o desexaba. O importante é traballar moito e cada neno e nena cando sexa maior poderá ter a profesión que desexe.

Todo ía ben de novo e pasárono moi ben os tres xuntos facendo deporte e xogando co coche que gañou Raquel na competición.

3. Comentarios e reflexión sobre o conto. Profesións que lle gustan ao alumnado. Profesións da súa nai e do seu pai.

4. Realización de actividades psicomotrices e dramáticas. Distribuiranse os nenos e nenas por todo o espazo-clase e a cada un asignaráselle unha profesión. Acabada a actividade o alumnado obterá un "salario", que será uns caramelos, mais aos nenos ou nenas que realicen tarefas do fogar non se lles asignará ningún. Ao final da actividade reuníremonos en asemblea para comentar como nos sentimos. Con isto preténdese facerlle ver ao alumnado o inxusto que é que por uns traballos se obteña un salario e por outros non, e que os que non o teñen é porque desde sempre os realizaron as mulleres.

5. Actividades plásticas. O alumnado realizará un debuxo libre daquilo que máis lle gustase. Como unha viñeta do conto, da actividade psicomotriz ou deles e elas mesmas como saltadores ou saltadoras.

6. Exposición dos debuxos. A través da análise dos debuxos farase unha reflexión final e a avaliación da experiencia.